

Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.

Última versión

Modificacións

- Orde do 10 de xuño de 2008.
 - Artigo 3º nova redacción por artigo 1º.
 - Disposición adicional cuarta nova redacción por artigo 1º.
 - Disposición derradeira segunda nova redacción por artigo 2º.
 - Anexo I nova redacción por artigo 1º.
 - Anexo II nova redacción por artigo 1º.
 - Anexo IV nova redacción por artigo 1º.
- Orde do 11 de decembro de 2008.
 - Artigo 7 apartado 4º nova redacción por artigo único.
 - Anexo IV nova redacción por artigo único.
- Orde do 2 de febreiro de 2010.
 - Artigo 7 apartados 8º, 9º e 10º engadidos por artigo único.
- Orde do 8 de febreiro de 2016.
 - Artigo 7 apartado 7 nova redacción por artigo único.
- Orde do 4 de xullo de 2025.
 - Anexo I nova redacción por disposición derradeira primeira apartado un.
 - Anexo II nova redacción por disposición derradeira primeira apartado dous.

O Regulamento (CEE) nº 2847/1993, do Consello, do 12 de outubro, e posteriores modificacións, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, introduce no seu título II artigo 13 a obriga de que todos os produtos da pesca desembarcados ou importados na comunidade, e para os que non se presentase unha nota de venda, nin unha declaración de recollida, e que se transporten a un lugar distinto do de desembarque ou importación, deberán ir acompañados dun documento ata que se efectúe a primeira venda.



Así mesmo, o artigo 9 do citado regulamento comunitario establece que cando os produtos non se poñan á venda, ou se destinen a unha venda posterior, deberán presentarlles ás autoridades competentes unha declaración de recollida.

O regulamento citado na alínea anterior recolleuse na lexislación estatal mediante o Real decreto 2064/2004, modificado polo Real decreto 607/2006, polo que se ditan as normas para o control da primeira venda dos produtos pesqueiros, co obxecto de establecer a normativa básica en materia de ordenación do sector pesqueiro que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1º.19 da Constitución.

O Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño, establece que se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte das devanditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino, coa obtención previa da guía de descarga.

O Regulamento comunitario 853/2004, do 29 de abril, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, establece no seu capítulo I sección VII que cando se traslade un lote de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos entre establecementos, traslado que incluírá a chegada do lote ao centro de expedición ou ao establecemento de transformación, o lote deberá ir acompañado dun documento de rexistro.

Na Comunidade Autónoma de Galicia a explotación dos moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos atópase regulada a través de plans de explotación en que as organizacións asumen o control da produción, polo que, coa finalidade de adaptar e complementar a regulamentación estatal e comunitaria ao sistema de funcionamento desta actividade e co fin de garantir a rastrexabilidade do produto, faise necesario desenvolver un documento de orixe que recolla a produción a partir da zona de extracción ata a lonxa-lugar de concentración ou clasificación.

De acordo co anteriormente disposto, tras a consulta aos sectores pesqueiros e comercializador afectados, e en virtude das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito.

O obxecto desta orde é regular, no ámbito territorial da comunidade autónoma:

a) A descarga e o transporte dos produtos pesqueiros frescos e da acuicultura ata a primeira venda na lonxa ou centro de venda autorizado.



b) O transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos a partir da zona de produción ou a partir dun establecemento de acuicultura ata un centro de expedición ou de depuración, unha zona de reinstalación ou un establecemento de transformación.

Artigo 2º.-Expedición de documentos e comunicación de datos.

1. A Administración porá á disposición dos usuarios dos documentos aos que se refire esta orde as aplicacións informáticas necesarias para facilitar a súa expedición, rexistro e comunicación á consellería competente en materia de pesca.
2. Unha vez expedidos os documentos regulados nesta orde, remitiranse nun prazo máximo de 48 horas ao Servizo de Mercado da Pesca da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.
3. De todos os documentos regulados nesta orde, tanto o responsable da súa expedición como o receptor dos lotes deberán gardar unha copia deles durante, polo menos, un período de doce meses a partir da súa expedición ou recepción.

CAPÍTULO II DESCARGA E TRANSPORTE DOS PRODUTOS PESQUEIROS FRESCOS

Artigo 3º.-Documento de transporte.

1. Os produtos pesqueiros frescos para os que non se teña realizada a primeira venda na lonxa do porto de desembarque e se transporten cara a outra lonxa deberán ir acompañados dun documento de transporte ata que se efectúe a súa primeira venda.
2. O transportista elaborará o documento de transporte e remitirá unha copia ao órgano competente da Administración autonómica.
3. A Administración autonómica galega, no exercicio das súa competencias en materia de comercialización, porá á disposición dos transportistas os soportes papel e as tecnoloxías de información e comunicación (TIC) necesarias para que poidan redactar e remitir os documentos de transporte.
4. Para facilitar o acceso aos soportes papel e ás TIC, a Administración autonómica dotará ás entidades concesionarias dos establecementos de primeira venda do porto onde se efectúe a descarga, dos medios necesarios para prestar o servizo de elaboración do citado documento de transporte.
5. Este documento conterá os datos que se relaciona no anexo I.
6. Non se exixirá este documento cando o transporte se realice dentro do recinto portuario.



7. O transportista é o responsable da presentación dunha copia do documento de transporte á persoa responsable da entidade concesionaria da lonxa ou centro de venda de destino, que comprobará a veracidade deste e rexistrará a súa entrada.

8. No caso das importacións non realizadas por barco, indicarse o lugar no que se realizou o devandito envío, e o nome do consignatario.

Orde do 10 de xuño de 2008.

Artigo modificado:Artigo 3º nova redacción por artigo 1º.

Artigo 4º.-Declaración de recollida.

1. Cando os produtos pesqueiros desembarcados ou descargados non se poñan á venda ou se destinen a unha posta en venda ulterior ou aprazada, o seu propietario ou o seu representante cubrirá o documento declaración de recollida, que lle solicitará á entidade concesionaria da lonxa ou do centro de venda.

2. A declaración de recollida deberá conter os datos que figuran no anexo II.

3. Cando a comercialización dos produtos pesqueiros frescos for obxecto dun prezo contractual ou dun prezo a tanto alzado fixado para un período de tempo determinado, o propietario dos produtos ou o seu representante deberán cubrir o documento-declaración de recollida, sen prexuízo da presentación da nota de venda, unha vez que esta se formalice.

CAPÍTULO III TRANSPORTE DOS MOLUSCOS BIVALVOS VIVOS, EQUINODERMOS, TUNICADOS E GASTERÓPODOS MARIÑOS VIVOS

Artigo 5º.-Grupos afectados.

Este capítulo aplicarase aos moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos, coa excepción das disposicións relativas á depuración que só se aplicarán aos moluscos bivalvos.

Artigo 6º.-Documento de orixe.

Cando se transporten ou trasladen moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos desde a zona de produción ata a lonxa-lugar de concentración ou clasificación, acompañaranse dun documento de orixe que conteña os datos que se recollen no anexo III.

Artigo 7º.-Documento de rexistro para o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.



1. Cando se transporte ou traslade un lote de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos entre establecementos ou a partir da zona de produción ata un centro de expedición, un centro de depuración, unha zona de reinstalación ou un establecemento de transformación, deberá ir acompañado, sen prexuízo dos requisitos da normativa sobre sanidade animal, dun documento de rexistro orixinal.
2. O documento de rexistro deberá estar redactado cando menos nunha lingua oficial do Estado membro en que estea situado o establecemento de recepción. No anexo IV detállase o seu contido.
3. Este documento terá unha validez de cinco días a partir da súa data de expedición.
4. Os documentos de rexistro poderán ser expedidos, por petición do recolector ou produtor, polas organizacións de produtores, confrarías de pescadores, entidades asociativas do sector produtivo legalmente constituídas, entidades concesionarias dos centros de venda e, se é o caso, polos titulares de establecementos de cultivos mariños.

No caso do mexillón cultivado en viveiros flotantes, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos determinará a entidade ou entidades que poderán expedir o documento de rexistro.

5. Os titulares de viveiros e parques de cultivo de moluscos bivalvos terán que estar en posesión do documento de orixe de moluscos bivalvos vivos, a que fai referencia o artigo 6, durante os labores de recollida e traslado a porto do produto. O posterior traslado, por vía terrestre, ata o establecemento de destino deberá sempre ir amparado polo documento de rexistro correspondente.
6. As persoas físicas ou xurídicas que expidan os documentos serán responsables da veracidade dos datos que conteñan os devanditos documentos.
7. No caso de peche temporal dunha zona de produción e de reinstalación, as entidades encargadas de expedición do documento de rexistro deixarán de expedir documentos para esa zona.

Os moluscos bivalvos recollidos nesa zona de produción desde as 00.00 horas do día anterior ao peche temporal, poderán ser devoltos ao viveiro ou lugar de orixe cando o lote aínda non entrase no establecemento de destino ou, cando tendo entrado no establecemento de destino este confirmase a recepción a través dos medios telemáticos habilitados pola Consellería do Mar.

No caso de devolución, a entidade ou persoa que emitiu o documento debe proceder á súa anulación empregando os mesmos medios telemáticos utilizados para a súa emisión. O documento de rexistro que ampara ese lote quedará marcado como “Anulado por devolución”.

O disposto no presente punto será de aplicación tamén aos lotes amparados unicamente polos documentos de orixe regulados no artigo 6 desta orde.

Entre o momento da anulación do documento de rexistro ou de orixe e o traslado do molusco ao viveiro ou lugar de orixe deberán transcorrer como mínimo tres horas, para efectos de que



por parte do persoal da Subdirección Xeral de Gardacostas se poida constatar que o traslado se efectúa de acordo coas condicións que se indiquen.

En todo caso, a devolución do molusco ao viveiro ou lugar de orixe realizarase dentro das 72 horas seguintes ao peche da zona de produción.

8. No caso dos documentos de rexistro expedidos de xeito manual, tanto naqueles casos de uso excepcional por motivos de fallos puntuais no servizo telemático como os autorizados expresamente para o uso de talonarios en papel, as entidades expedidoras remitirán no prazo máximo das tres horas posteriores á súa expedición unha copia á dirección xeral competente en materia de saúde pública.

9. Os centros de expedición, depuradoras e industrias transformadoras receptoras de lotes acompañados de documentos de rexistro para o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos, deberán rexistrar a súa entrada.

10. As entidades emisoras autorizadas para a emisión manual de documentos de rexistro estarán obrigadas a manter inalterada a numeración correlativa dos citados documentos, enviando copia dos documentos de rexistro anulados e informando das incidencias que deron lugar á anulación á dirección xeral competente en materia de saúde pública así como á Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar.

Orde do 11 de decembro de 2008.

Artigo modificado:Artigo 7 apartado 4º nova redacción por artigo único.

Orde do 2 de febreiro de 2010.

Artigo modificado:Artigo 7 apartados 8º, 9º e 10º engadidos por artigo único.

Orde do 8 de febreiro de 2016.

Artigo modificado:Artigo 7 apartado 7 nova redacción por artigo único.

Artigo 8º.-Das obrigas das entidades de destino.

1. Os centros de destino aceptarán só os lotes de moluscos bivalvos vivos que vaian acompañados do documento de rexistro.

2. No momento da entrega dun lote de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos na entidade de destino, deberá estamparse a data de entrega no documento de rexistro correspondente.

Disposicións adicionais



Primeira.-

Se a expedición dos documentos a que se refire esta orde representa, para o produtor, unha carga administrativa e financeira desproporcionada en relación co seu volume de produción, poderán solicitar, de acordo co modelo do anexo V, a autorización para a expedición destes documentos mediante o uso de talonarios.

Segunda.-

Cando unha embarcación estea autorizada para desenvolver actividade pesqueira nocturna e realice desembarques en horario de inactividade da lonxa, o titular do permiso de explotación da embarcación solicitará, previamente á saída de porto, a emisión dun documento de transporte que recolla as especies habituais de captura.

O transportista soamente encherá os espazos destinados a cantidades, sen que o documento presente emendas ou riscadas que invalidarán este documento.

Terceira.-

As infraccións ao disposto nesta orde poderán dar lugar á incoación do correspondente expediente sancionador, de acordo coa Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia.

Cuarta.-

No caso de que os produtos pesqueiros sexan vendidos de acordo con calquera das modalidades de venda recollidas, e se transporten a un lugar distinto do de desembarque ou descarga, o transportista deberá probar en todo momento a transacción efectuada, mediante copia da nota de primeira venda, albará, factura ou outro documento que o acredite, pero, en todo caso, deberá constar, lonxa de orixe, data de transacción, identificación de especies e cantidades delas en kg.

Orde do 10 de xuño de 2008.

Artigo modificado: Disposición adicional cuarta nova redacción por artigo 1º.

Quinta.-

No caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario da entrega.

Sexta.-



O documento de transporte, regulado no artigo 4º desta orde terá a mesma validez e producirá os mesmos efectos que a guía de descarga regulada no Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño.

Sétima.-

No caso de que os moluscos bivalvos, tunicados, equinodermos ou gasterópodos mariños vivos sexan recolectados en bancos naturais da mesma zona de produción por titulares de permisos de explotación e sexan trasladados aos establecementos de destino sen diferenciar o produtor, poderán substituír, no documento de rexistro, o nome do recolector polo do representante, tras a solicitude por escrito e autorización por parte da consellería competente en materia de pesca.

Disposiciones derogatorias

Primeira.-

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta orde e, en especial, a Orde do 5 de novembro de 2004 pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos e da acuicultura ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos vivos.

Disposicións derradeiras

Primeira.-

Autorízase o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-

Esta orde entrará en vigor aos nove meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Orde do 10 de xuño de 2008.

Artigo modificado: Disposición derradeira segunda nova redacción por artigo 2º.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2008.

Camen Gallego Calvar

Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos



ANEXO I

Documento de transporte

*No caso de buques pesqueiros:

– Identificación do lugar e data da descarga:

Data da descarga.

Porto e lonxa ou centro de descarga.

Entidade concesionaria: CIF, enderezo e teléfono.

– Identificación do buque:

Nome, marcas de identificación externa e pavillón do buque para os produtos desembarcados procedentes de buques comunitarios e número interno do buque que figura no Rexistro Comunitario de Buques de Pesca, de ser o caso.

Nome, marcas de identificación externa, indicativo internacional de radio e pavillón do buque para os produtos desembarcados procedentes de buques de terceiros países.

Armador ou capitán do buque.

– Identificación do transportista:

Nome ou razón social, NIF e matrícula do vehículo.

– Identificación da lonxa ou centro de venda destino da mercadoría.

– Identificación das especies transportadas:

Zona xeográfica de captura.

Denominación científica e comercial de cada especie.

Cantidade de cada especie expresada en quilos.

– De ser o caso, identificación da declaración de traslado ou declaración de recollida».

*No caso do mariscador:

Identificación do lugar e data da descarga:

-Data da descarga.

-Porto e lonxa ou centro de descarga.



-Entidade concesionaria: CIF, enderezo e teléfono.

Identificación do mariscador:

-Nome, NIF e nº de permiso de explotación.

Identificación do transportista.

-Nome ou razón social, NIF e matrícula do vehículo.

Identificación do centro de destino da mercadoría.

Identificación das especies transportadas.

Zona xeográfica de captura.

Denominación científica e comercial de cada especie.

Cantidade de cada especie expresada en quilos.

Orde do 10 de xuño de 2008.

Artigo modificado:Anexo I nova redacción por artigo 1º.

Orde do 4 de xullo de 2025.

Artigo modificado:Anexo I nova redacción por disposición derradeira primeira apartado un.

ANEXO II

Declaración de recollida

– Identificación do lugar e data da descarga:

Data da descarga.

Porto e lonxa ou centro de descarga.

Entidade concesionaria: CIF, enderezo e teléfono.

- Identificación do buque:

Nome, marcas de identificación externa e pavillón do buque para os produtos desembarcados procedentes de buques comunitarios e número interno do buque que figura no Rexistro Comunitario de Buques de Pesca, de ser o caso.



Nome, marcas de identificación externa, indicativo internacional de radio e pavillón do buque para os produtos desembarcados procedentes de buques de terceiros países.

Armador ou capitán do buque.

- Identificación do mariscador:

Nome, NIF e número de permiso de explotación.

- Identificación das especies:

Zona xeográfica de captura.

Denominación científica e comercial de cada especie.

Cantidade de cada especie expresada en quilos.

– Identificación do lugar ou lugares onde a mercadoría está almacenada, de ser o caso, referencia ao documento de transporte ou ao documento T2M correspondente.

– De ser o caso, identificación da declaración de traslado ou documento de transporte.

Orde do 10 de xuño de 2008.

Artigo modificado: Anexo II nova redacción por artigo 1º.

Orde do 4 de xullo de 2025.

Artigo engadido: Anexo II nova redacción por disposición derradeira primeira apartado dous.

ANEXO III

Documento de orixe

* En todos os casos deberá conter a seguinte información:

-Entidade responsable da emisión do documento de orixe:

Nome da entidade.

Enderezo e teléfono. NIF ou CIF.

-Identificación do lugar e data de recolección:

Data da recolección.



Lugar.

-Zona xeográfica de produción:

Clasificación GAL.

Cualificación sanitaria.

Zona ou subzona de control de biotoxinas.

-Identificación das especies transportadas:

Denominación científica e comercial de cada especie.

Cantidade de cada especie expresada en quilos.

-Destino do lote:

ANEXO IV

Documento de rexistro para o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos

* Respecto dun lote enviado desde unha zona de produción debe incluír, como mínimo, a seguinte información:

-Identidade e enderezo do recolector ou produtor.

-Data de recolección.

-Localización da zona de produción, mediante o número de código que se establece na norma pola que se clasifican as zonas de produción.

-Cualificación sanitaria.

-Zona ou subzona de control de biotoxina.

-Denominación científica e comercial de cada especie.

-Cantidade de cada especie expresada en quilos.

-Destino do lote.

* Respecto dun lote de moluscos bivalvos vivos enviado desde una zona de reinstalación, o documento de rexistro incluír a seguinte información:

-Identidade e enderezo do recolector ou produtor.



-Localización da zona de produción, mediante o número de código que se establece na norma pola que se clasifican as zonas de produción.

-Cualificación sanitaria.

-Zona ou subzona de control de biotoxina.

-Data de recolección na zona de produción.

-Denominación científica e comercial de cada especie.

-Cantidade de cada especie expresada en quilos.

-Localización da zona de reinstalación.

-Duración da reinstalación indicando a data de entrada e saída na zona.

-Destino do lote despois da reinstalación.

* Respecto dun lote de moluscos bivalvos vivos enviados desde un centro de depuración, o documento de rexistro incluirá a seguinte información:

-Identidade e enderezo do recolector ou produtor.

-Data de recolección.

-Localización da zona de produción, mediante o número de código que se establece na norma pola que se clasifican as zonas de produción.

-Clasificación sanitaria.

-Zona ou subzona de control de biotoxina.

-Denominación científica e comercial de cada especie.

-Cantidade de cada especie expresada en quilos.

-Enderezo do centro de depuración.

-Duración da depuración indicando a data de entrada e saída da depuradora.

-Destino do lote despois da depuración.

Orde do 10 de xuño de 2008.

Artigo modificado:Anexo IV nova redacción por artigo 1º.



Orde do 11 de decembro de 2008.

Artigo modificado: Anexo IV nova redacción por artigo único.

ANEXO V

[Documento: ord_CPAM-----_0802A_2008_20080208]

